

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

*EXTRACTO da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN519B).*

BDNS (Identif.): 542662.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

**Primeiro. Beneficiarios**

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. As solicitudes poderanse presentar individualmente ou de forma conxunta baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

**Segundo. Obxecto**

Mellora dos servizos e acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación, co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN519B).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.



**Cuarto. Contía**

Importe total da convocatoria: 2.300.000,00 €.

Intensidade das axudas: 80 % do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 120.000,00 € para as solicitudes individuais e de 138.000,00 € para as solicitudes conxuntas.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 18 de decembro de 2020 no *Diario Oficial de Galicia*.

**Sexto. Outros datos**

Poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020

Francisco Conde López  
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

CVE-DOG: aqshvoi4-h9r7-por7-ewc4-c6notqziga39

